

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Historia do Mundo Contemporáneo 1º Bacharelato	Curso / Ciclo	Curso 2024-25
-------------------------	---	----------------------	----------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Unidades didácticas e Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- Crise do Antigo Réxime e inicio da contemporaneidade: As propostas de cambio político no pensamento ilustrado, a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade coa Revolución francesa. A organización política liberal: principios políticos e institucións. Imperio Napoleónico. Arte Rococó e Neoclasicismo.</p> <p>2.- A nova era industrial: A renovación das estruturas agrarias. A Revolución Demográfica. A Revolución Industrial. Orixe e fases. Trazos definitorios do proceso de industrialización. Sectores punteiros da primeira fase da Revolución Industrial. A segunda fase da Revolución Industrial. Desenvolvemento do capitalismo liberal.</p> <p>3.- Vagas revolucionarias do s.XIX. Liberalismo e nacionalismo: A Europa da Restauración. As revolucións liberais, ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. O nacemento do nacionalismo, as unificacións de Italia e de Alemaña. Os sistemas políticos autoritarios e consolidación do liberalismo. A formación dos Estados Unidos. O Romanticismo.</p>
2ª Avaliación	<p>4.- As transformacións sociais no século XIX: A sociedade de clases. A hexemonía social da burguesía. O desenvolvemento do proletariado como clase. O papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Principais manifestacións do movemento obreiro, consolidación dos partidos obreiros e sindicatos. Os inicios do feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto. Manifestacións artísticas na segunda metade do s.XIX.</p> <p>5.- O Imperialismo, a Primeira Guerra Mundial e a Revolución rusa: Concepto de Imperialismo. Causas do fenómeno imperialista. O reparto do mundo entre as grandes potencias. Consecuencias do Imperialismo. Os factores que conduciron ao desencadeamento da guerra. Esquema das forzas enfrentadas e das fases do conflito. O legado político, económico e social da guerra. Da Rusia tsarista á creación da URSS.</p> <p>6.- O mundo na época de Entreguerras: Que é a época de Entreguerras? A evolución da economía capitalista: da prosperidade económica dos anos vinte á crise de 1929. A democracia como sistema político. Crise do sistema democrático. Os réximes políticos autoritarios: características. O comunismo soviético e os fascismos. Manifestacións artísticas.</p>
3ª Avaliación	<p>7.- A Segunda Guerra Mundial: Os factores que conduciron ao desencadeamento da guerra. Esquema das forzas enfrentadas e das fases do conflito. A organización da vitoria aliada. Consecuencias da Segunda Guerra Mundial. A Organización das Nacións Unidas.</p> <p>8.- Desenvolvemento económico e transformacións políticas no mundo desde 1945: A división do mundo en bloques: A Guerra Fría. Reconstrucción económica e política do mundo occidental. Formación e evolución dos países socialistas. Descolonización e neoimperialismo. A organización do Terceiro Mundo. A construcción da Unión Europea. As perspectivas do mundo actual. Manifestacións artísticas na segunda metade do s.XX.</p>

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	70%	Probas escritas
Actividades	30%	Realización de distintos tipos de tarefas e/ou actividades, tanto na aula como na casa, seguindo as pautas e o prazo indicados polo docente

- Sempre que o **permita** a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o **70%** da cualificación e **poderán constar** de diversos conceptos que o alumnado terá que definir de forma precisa, realización de esquemas, sínteses, cadros comparativos, desenvolvemento de temas relacionados coa materia estudiada, comentario guiado dun documento histórico (texto, mapa, gráfico, imaxe...) por medio de cuestiós referidas ao mesmo...

- En cada Avaliación valorarase cun **30%** da nota o **traballo** realizado na **casa** (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o **traballo cotián na aula** (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas **actividades de investigación** individuais ou en grupo que deberán ser entregadas seguindo as **pautas** e o **prazo** indicados polo docente.

- **A falta de asistencia a un exame**, só poderá xustificarse mediante documentación oficial, desta maneira o/a alumno/a terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De NON existir o xustificante regulamentario o exame se cualificará con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) suporá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos. A mesma medida adoptarase no suposto de ser “plaxiada” unha **tarefa, actividade...**

Criterios de Cualificación e Recuperación:

- A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. A **Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior**.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** (valorada sobre 10 puntos) con contidos e estrutura semellantes aos da proba escrita de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de reforzo** que lles facilitará o profesor, que estará á súa disposición para as aclaracións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.

- Para a **cualificación da Avaliación Final Ordinaria** empregarase a **media aritmética das notas das tres Avaliacións parciais**, de forma que os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior** terán **superada a materia** e o alumnado que teña unha **media inferior a 5** deberá presentarse a unha **Proba escrita** na convocatoria da **Avaliación Extraordinaria** no mes de xuño, que repasará os contidos traballados ao longo do curso.

Avaliación Extraordinaria

- No período abrangido **entre a Avaliación Final Ordinaria e a Avaliación Extraordinaria** prestarase **especial atención** aos **alumnos e ás alumnas que teñan a materia sen superar**, para eles deseñaranse **actividades de reforzo e recuperación** para que poidan **preparar a Proba da convocatoria Extraordinaria**.

- As probas da **Convocatoria Extraordinaria** celebraranse segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na **Proba obxectiva Extraordinaria**, na que se empregará unha estrutura semellante á das probas escritas realizadas durante o curso e será valorada sobre 10 puntos.